

Article

‘Más allá del Gran Sol’: O itinerario transoceánico das pesqueiras galegas desde a perspectiva dos Estudos Culturais (1945–1955)¹

Esmeralda Broullón
 Universidad de Sevilla.
 Investigadora Ramón y Cajal

¹
 Quero mostrar o meu agradecemento ás/aos avaliadores do presente artigo, polas recomendacións achegadas, e especialmente aos editores de *Galicia 21*, así como ás/aos docentes do Departamento de Estudos Hispánicos da Universidade de Cork (Irlanda).

During the first half of the twentieth century, the Galician high seas fishing fleet that traditionally worked in the Grand Sole bank started to explore new routes in South Atlantic waters, with greater depth and profitability. This was a ‘swallow-type’ movement triggered by a political, environmental and economic multicausality, which is testimony to a chapter of Galician history with especial effects on the fishing population, a sector characterized by having a gendered division of labour. This article examines the ‘intra-history’ or everyday life of such movement and addresses fishing as a cultural system. As proposal of analysis in this understudied area, this article suggests an approach focused on the daily life of the crew members, whose traditional confinement and industry in the jail-ship bring a nutritional product with the highest standards to the consumer’s table.

Keywords

Grand Sole
 South Atlantic
 Galicia
 Maritime fishing
 Gender division of labour
 Panoptic

Palabras clave

Gran Sol
 Atlántico Sur
 Galicia
 cultura marítimo-pesqueira
 corte de xénero
 panóptico

Abstract

*“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)*
Esmeralda Broullón

Resumo

Durante a primeira metade do século xx, a frota pesqueira de altura galega que tradicionalmente traballaba nas augas do Gran Sol comezou a explorar, con maior calado e rendibilidade, novas singraduras no Atlántico Sur. Foi esta unha itinerancia ‘andoriña’ auspiciada por unha multicausalidade de natureza política, ambiental e económica que testemuña un capítulo da historia de Galicia con especial repercusión sobre a poboación pesqueira, caracterizada por ter un corte de xénero. O presente artigo examina a intrahistoria causal desa itinerancia e aborda a pesca como sistema cultural. Como proposta de análise neste ámbito pouco estudado, formulamos unha liña de investigación centrada na vida diaria duns tripulantes cuxo histórico confinamento e a súa laboriosidade no barco-cárcere fan chegar á mesa do consumidor un produto coas maiores garantías nutricionais.

“*Más allá del Gran Sol*”:
*O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)*
Esmeralda Broullón

2

Sirva de referencia o artigo recensionado en *Faro de Vigo* o 10 de decembro de 1948.

3

En alusión metafórica ás mulleres galegas, sen amparo legal nin familiar, pola longa ausencia do *páter familias* a causa da migración —e das actividades pesqueiras— e ilustrado na poesía de Rosalía de Castro. Véxase o libro v do poemario *Follas novas* (1880). É profusa a narrativa literaria que aborda a figura do oxímoron ‘viúvas de vivos’. Destacaríamos as obras recentes de González Fernández (2009), Lojo (2011) ou Chacón (2016).



Estudos culturais marítimos: metodoloxía e ámbito de estudo

O presente artigo afonda na presenza da mariñeiría galega no Océano Atlántico na historia cultural e económica de Galicia, desde unha perspectiva antropolóxica e transversal dos estudos migratorios e de xénero como eixe central. Partindo dunha triangulación de fontes demográficas e estatísticas (censos poboacionais e padróns municipais), hemerográficas (prensas locais), orais (relatos e historias de vida) e visuais (documentos

fotográficos) como fíos condutores de narrativas patrimoniais e da memoria colectiva, describiremos as causas e consecuencias dun capítulo da historia pesqueira galega: a itinerancia diaspórica entre as augas do Gran Sol e o banco canario-sahariano na época contemporánea. Este enfoque metodolóxico permitiunos trazar inexploradas liñas de investigación que, desde unha lectura foucaultiana, esbozan o perfil metafórico dunha extenuada mariñeiría que habita o barco a modo de cárcere e como espazo de clausura (Foucault 1976: 108-123). Dita dimensión non foi reparada polas ciencias sociais e humanas, no que se refire ás condicións de vida cotiá e laboriosidade en alta mar.

A frota pesqueira de orixe galega conta cunha histórica presenza en distintas coordenadas do Océano Atlántico, onde ten explorado as súas augas e recalado en diversas áreas portuarias. Mais as investigacións sobre as explotacións pesqueiras obvian a miúdo os axentes implicados nesta actividade extraterritorial: a mariñeiría de altura pertencente a unha cultura vernácula que leva á mesa do consumidor distintos produtos axustados a diferentes demandas crecentes, erixíndose na actualidade algunhas das especies capturadas en simbólicos dispositivos de distinción social (Bourdieu 1998). Durante o primeiro cuarto do século xx, os primeiros desprazamentos migratorios galegos de tipoloxía masculina teñen a súa causalidade, entre outros, en factores de carácter agrario que provocaron unha considerable diminución de varóns no medio rural (Fernández Prieto 2000: 33) —a pesar da contraria opinión pública lexitimada pola prensa—² desestruturando as unidades domésticas e identificando as mulleres como ‘viúvas de vivos’, debido á longa ausencia sen retorno dos maridos.³ Do mesmo xeito, o espazo marítimo é herdeiro, tanto na súa dimensión material como simbólica, dunha ciencia tanto etnocéntrica coma androcéntrica. Cabe subliñar que a interacción entre homes, mulleres e medio mariño é unha temática de escasa produción na literatura marítima (Ardener 1975; Newell 1989; Breton et al. 1989; Cole 1991; Cahill & Marlands 1993; Pálsson 1996). Cando se analiza o rol dos homes e as mulleres partícipes dunha sociedade e cultura articulada arredor do mar, faise normalmente desde categorías de análise dicotómicas e apriorísticas, baixo o forxado dimorfismo sexual correspondente ao binomio terra/muller *versus* mar/home (Broullón 2011).

Desde unha perspectiva metodolóxica destacamos os resultados do aporte intrahistórico a partir dos testemuños da diáspora galega á Andalucía Atlántica, posto que é a memoria dos suxeitos nun proceso diacrónico aquilo que reconstrúe, en primeira instancia, a identidade dun colectivo formado por xentes do mar desta rexión, unhas poboacións itinerantes cunha arraigada tradición na cultura oral. E aínda que alleo aos fundamentos de racionalidade científica, o espazo memorialístico redescobre

*“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón*

4

A memoria non é Historia, mais estimamos que a Historia precisa da memoria, tal e como acontece coas regularidades dos sucesos diacrónicos expostos polas fontes testemuñais ás que de ningún outro xeito, baixo a triangulación de fontes de diversa natureza, accederíamos. A nivel metodolóxico optamos pola adopción de fontes orais e memorialísticas ao concibirse como fontes evocadoras dun pasado recente e como lugares da memoria no sentido aludido por Nora (1997).

5

Sobre a orixe do concepto ‘memoria colectiva’ e o florecemento dos estudos acerca deste termo, véxase o prefacio escrito por Duvignaud (1968). A oposición entre Historia e conciencia colectiva é igualmente abordada polo primeiro teórico en usar dito concepto, Halbwachs (1968: 72-73).

6

Archivo Histórico Municipal.
Delegación de Cultura,
Ayuntamiento de Cádiz. Padrones
municipales del Siglo xx: 1921, 1940
y 1955.

escisións e revela cuestións en ocasións non resoltas pola ciencia: os posicionamentos, as ausencias, e incluso os silencios, definen as condicións de produción do metadiscurso destes antiheroes na súa relación co mar, desafiando categorías invisibilizadas e acentuando o experimentado coñecemento sobre o espazo do marítimo, máis alá dos límites da percepción racional.

Os actores do presente estudo de caso evocan o exercicio da memoria xa non só como sentimento senón como coñecemento,⁴ mentres que a restitúen nun ben social cuxa finalidade é a de ser compartida (Augé 2001; Arendt 2002; Ricoeur 2003). O dispositivo simbólico no que se erixe a memoria, os seus atributos e os marcos nos que se institúe son eixos que orientan as seguintes liñas. Mais esta elección metodolóxica non conclúe nunha recolección de historias particulares, senón que recompón unha memoria colectiva,⁵ ao tempo que recorremos a outras fontes que nos aproximan á realidade social do mundo das pescarías dunha forma global. As fontes orais complementáanse con fontes arquivísticas, extraídas dunha cata realizada nos censos e os padróns municipais da cidade de Cádiz durante o século xx, que perfilan as características demográficas do grupo seleccionado. A través da consulta e extracción da información contida nos padróns municipais,⁶ puidemos tecer o urdido dun itinerario diaspórico onde se articulan variables coma o sexo, a idade, o lugar de orixe, o estado civil, a profesión, o tempo de radicación na cidade, as redes da paisanaxe, as redes do parentesco, a tipoloxía matrimonial (endogámica e/ou exogámica), a estrutura familiar (nuclear e/ou extensa), os tipos de hábitat (con indicadores de elevado amoreamento), as distintas formas de cohabitación máis alá das clásicas estruturas familiares e a distribución no espazo urbano fronte ao espazo rural ou a pequena poboación (Broullón 2011: 31-56).

Revisamos o padrón de 1921 mediante unha cata de seiscentos trinta migrantes galegos entre homes, mulleres, nenos e anciáns, dos cales non existe constancia do seu retorno. A súa principal procedencia eran os municipios de Silleda, A Estrada, Ponteareas, Cangas, Combarro, Vigo, Lalín, Rianxo, Padrón, Cesantes, Ferrol e Chantada. Trátase dunha presenza masculinizada de residentes permanentes na cidade, incluídos os suxeitos casados en Galicia e que non chegaron a constituír unha nova familia, mantendo unha residencia unipersoal no lugar de recepción. Ata o padrón de 1940 non se producirá un cambio nos perfís demográficos: rexistramos mil novecentas corenta e cinco persoas de orixe galega arribadas á cidade de Cádiz, onde xa constatamos un maior equilibrio entre varóns e mulleres xunto coa súa prole. Entre as principais localidades de partida, advertimos que a provincia da Coruña continuaba protagonizando o salto migratorio, se ben os traslados se ampliaron a emprazamentos costeiros como Santa Uxía de Ribeira, Noia, A Pobra do Caramiñal e Ferrol, en último termo. Porén, non será ata 1955 cando o desprazamento de dúas mil persoas de orixe galega rexistradas no padrón municipal introduza un cambio na natureza da empresa: malia que as provincias da Coruña e Pontevedra son as principais dinamizadoras da diáspora marítima (a capital da Coruña descende respecto a períodos anteriores, mais individuos dos portos pesqueiros de Noia, Ribeira, Muros, ou Pobra do Caramiñal seguen chegando ao porto gaditano), será a mariñeiría da ría de Vigo a que acrecente a presenza galega no porto de Cádiz, a mediados do século xx, e tome maior protagonismo. Os varóns chegaron na súa maioría baixo o amparo da paisanaxe e os seus barcos tiveron como porto de operacións a cidade de Cádiz. Entre os tres e os seis anos posteriores, a maioría dos cabezas de familia reclamaron os

“*Más allá del Gran Sol*”:
*O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)*
Esmeralda Broullón

7

Sobre o uso da fotografía no traballo de campo, aplicamos as aportacións clásicas en antropoloxía, expostas por Malinowski (1973) e Mead & Bateson (1942).

8

Sobre o uso da fotografía en ciencias humanas e sociais desde as perspectivas mencionadas, véxase Bourdieu (1965); Collier & Collier (1992); Worth & Adair (1972); Harper (1987); Edwards (1998); Buxó & De Miguel (1999); Ortiz et al. (2005); Broullón (2008).

9

Realidade social que lexitimou discursivamente a prevalencia dun matriarcado en ditas sociedades. Porén, cabe destacar a persistencia dunha matrilinearidade, posto que estamos ante unha cultura dominada por varóns ausentes mais cunha significativa presenza feminina como procreadora e coidadora da descendencia, así como do patrimonio familiar. A matrilinearidade destaca pola transmisión do parentesco só por liña feminina, mentres que o matriarcado sería o réxime político onde o poder se atopa concentrado en mans das mulleres, se ben ningunha sociedade é identificada ou recoñecida baixo este principio. Para una aproximación ás comunidades cuxos grupos domésticos están encabezados por mulleres, sirvan de referencia: Hobson Herlihy (2012); Broullón (2011:73-89); Dalton (2010); Petersen (2009); Moreno (2008: 337-350); Roseman (1999: 117-132); Brown (1975: 235-251); Kuper (1985: 71-95); Poewe (1981); Rosaldo & Lamphere (1974); Smith (1973: 121-144).

seus cónxuxes. As mulleres chegaron soas ou con parte da prole, rexistrándose de maneira definitiva para non retornar e dinamizando en poucos anos as redes e as cadeas migratorias ata formar parte do tecido sociocultural gaditano.

Do mesmo xeito realizamos diversos traballos de campo tanto na ría de Vigo como na cidade de Cádiz coa intención de elaborar un corpo de datos etnográficos conxugado coa linguaxe fotográfica como técnica de observación e relevante soporte documental.⁷ A representación da imaxe fotográfica, exposta máis alá do seu valor estético ou documento histórico, adoptou xunto co seu valor etnográfico a finalidade de descifrar o simbólico. Ao mesmo tempo que realizabamos a entrevista recorriamos á memoria fotográfica e nese sentido as fotografías serviron para ‘refrescar a memoria’ sobre a realidade social descrita. Dito doutro xeito, a concepción clásica do uso da fotografía no traballo de campo permitiunos adoptar varias das súas finalidades: como técnica recompilatoria de datos, auxiliar e subordinada ao texto; a modo de técnica cunha finalidade analítica que permitira a captación de comportamentos non verbalizados, xestos e posicións; e por último cabe destacar o seu valor heurístico que induce a reflexionar sobre a realidade captada, tendo en conta o principio de que a fotografía atrae o imperceptible.⁸

O itinerario diaspórico da cultura pesqueira galega en época contemporánea: narrativas de fronteiras e transversalidade de xénero

Entre os estudos que versan sobre a cultura pesqueira galega, en diversos períodos históricos, despunta a primacía do obxecto de estudo centrado no rol masculino. Non obstante, resulta imposible sortear, a nivel epistemolóxico, a figura feminina e o corte de xénero que habita nestas sociedades. A particular posición das mulleres en dita rexión é difícil de eludir porque na práctica estiveron vinculadas á actividade pesqueira, estiba e desestiba, preparación da embarcación e o seu avituallamento, comercialización da materia prima, reparación de redes e aparellos, ademais das actividades agrogandeira que rexentarían como forma de autosubsistencia na sociedade de orixe. A isto hai que engadir que no caso do sector pesqueiro galego, a diferenza doutros litorais peninsulares, o éxodo migratorio masculino presenta un panorama onde as mulleres ocupan espazos de fronteiras que transcenden a dicotomía terra *versus* mar, como son os portos pesqueiros, posto que estamos nunha área con gran ausencia de varóns. En consecuencia, os traballos femininos ligados ao mar e aos seus recursos non poden concibirse coma subalternos nin encadrarse nunha rixida estrutura binaria, posto que formarían parte da contribución material e cultural do conxunto da sociedade na que se insiren. A etnohistoria revela a existencia de períodos onde parte da subsistencia desta colectividade chegaría a depender do traballo e das estratexias das mulleres: ben polo enrolamento obrigatorio dos mareantes ou ben polos reiterados naufraxios debidos á precariedade tecnolóxica dos barcos, como tamén pola continua diáspora migratoria desta rexión.⁹

La primera vez que yo [o testemuño é dun varón] fui al Gran Sol cogí tres bonitos y tres congrios grandes. Mi madre era la que pagaba y le dijo a uno que le apodaban ‘perruco’ (era muy borrachín pero muy buena persona, a mí me quería mucho, yo era un chaval con trece

*“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón*

10

A produción bibliográfica sobre o fenómeno migratorio galego é extensa, diferenciándose en transoceánica, europea ou continental e interna, mentres que os estudos que aluden ao paso de galegos pola cidade gaditana sinalan unicamente a esta como un porto lanzadeira para a carreira americana. Son ilustrativos os traballos realizados por Eiras Roel & Rey Castelao (1994); Domínguez Ortiz (1994: 357-379); De la Pascua (1993: 845-857; 2002: 55-77).

11

A partir do primeiro tercio do século xx, coa incorporación do vapor e ante a reducida plataforma continental, orixinouse o fenómeno de expansión da frota pesqueira galega. Véxase Labarta (1978); González Laxe (1988); Giráldez (1997); Fernández Casanova (1998).

o catorce años): ¿qué? pois mira Aquilina no ha estado mal y tal que tal... ¿Ganasteis? (le preguntó mi madre). Ganáramos de usanzas y así... o que se pescara. Y él le contestó: ¡el que tuvo suerte fue su hijo, sí, sí! Y mi madre: sí, sí, xa me dixo... Y él siguió: Bó... que a venir para acá todos a pescar bonitos. Eu pesquei un, outro dous y él (por mí) tres y con tres fixo dez duros. Por entonces lo metíamos en la nevera y lo vendíamos. Y mi madre: ¡sí, sí! pa que cantara el gallo... Y cuando llegué a casa lo primero que hizo fue darme dos bofetadas... (ríe) ¡Quedó en el bolsillo! ¡Y era un campeón! [...]. Mira también te cuento lo de una tía mía. Cuando llegaban los barcos de ellos, tuvieron cuatro barcos y estaban haciendo dos aquí en Cádiz, pues ella iba allí a la lonja del pescado y esa mujer era una fiera trabajando: ¡esa es una bicha, una bicha es esa mujer descargando...! Y ella que se enteró que la llamaban ‘la bicha’, dos barcos que estaban haciendo le puso en la chimenea dos bichas a cada una. ‘Víbora número uno’ y ‘Víbora número dos’. Mi tía Antonia, barcos de madera del año veinticinco, dos parejas. Y decía: ¡Hoy, hoy el barco de la bicha! Sí, hoy está ahí el de la bicha... home... la... ‘gran puta’. El de la bicha, ¡ojú, yo no voy! Si era un gitano ya no iba, te daba cuenta y se venía, ¡no lo quería ni ver! (Arquivo do Traballo de Campo: testemuño de mariñeiría galega, Cádiz)

A literatura migratoria galega do século XIX e XX é profusa, mais apenas esbozou os itinerarios da singradura atlántica e o seu particular movemento cara ao Sur,¹⁰ ao abrigo das dóciles augas norteafricanas, un traslado que se fixo definitivo na década dos corenta do século XX, tras o abandono do histórico e axitado caladoiro do Gran Sol. Nas seguintes liñas exporemos a xénese de dita expansión pesqueira ao fío da intrahistoria desta tripulación, contextualizando previamente o marco social e tecnolóxico de comezos de século.

O século XX despunta nunha etapa de expansión —aínda que irregular— para a actividade pesqueira industrial galega, trala aparición das embarcacións de vapor e a especialización nas artes pesqueiras, así como as de cerco de xareta nas especies peláxicas e as de arrastre nas demersais. O comezo da centuria caracterizouse polo desenvolvemento da industria conserveira que mantivo un perfil ascendente, á vez que se incorporaron técnicas que fixeron máis competitiva dita industria (Carmona 1985; 1994; González Reboredo 1997; Muñoz Abeledo 1999; 2003). Estas variables contribuíron progresivamente no seu conxunto ao avance capitalista da actividade marítima galega durante o segundo cuarto do século XX, ata converterse o porto de Vigo nunha puxante plataforma marítimo-comercial.¹¹

Tengo ochenta y ocho, mi profesión era la mar. Salíamos de Vigo o de Bouzas, a pescar ahí a las Islas Cíes, unos años al arrastre. Una por la mañana, dábamos nuestro lance y tirábamos la red y allá a las tres o cuatro de la tarde cogíamos y metíamos el pescao [...]. Esto ahí era joven, porque mi padre ya tenía barcos y entonces tenía patrones de fuera [...]. Eran parejas, yo siempre anduve a la mar en pareja, dos barquitos tirando de la red. Primero anduvimos todo por el sur, desde Finisterre hasta la parte de Lisboa, eran barquitos pequeños, era un chavalito, catorce años. Entonces los barcos se fueron haciendo mayores, ya mi padre hizo un barco mayor. Dejamos de ir

*“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón*

12

Dous barcos que arrastran simultaneamente as redes de arrastre. Unha descrición desta técnica atópase en Rodríguez Santamaría (1923).

aquí a la parte del sur (de Galicia) y entonces nos fuimos pa la parte del Gran Sol, a pescar y aquello era un sitio que los temporales eran algo fuera de serie. (Arquivo do Traballo de Campo: testemuño de mariñeiría galega, Vigo)

A mariñeiría que protagonizou este auxe pesqueiro, a través dunha itinerancia oscilante entre as augas do Gran Sol e o Norte de África, iniciou a súa actividade profesional traballando en barcos propulsados con máquinas de carbón que quentaban a auga para producir vapor. Ao mesmo tempo, asistiron aos cambios tecnolóxicos nas pescarías, xa que a caldeira dos barcos adicados á pesca de arrastre, nos cales faenaban na modalidade de parellas,¹² foi substituída pola motorización propulsada a gasóleo, permitindo aos traballadores do mar ampliar o espazo xeográfico respecto á súa tradicional navegación polas costas galegas ou portuguesas e permanecer máis tempo en alta mar cunha maior autonomía. Estes avances tecnolóxicos leváronos á exploración dos mares na plataforma continental europea e nas augas do Gran Sol. Nos avatares das súas faenas descubriron novos bancos pesqueiros, consolidaron a súa singradura no Atlántico Sur e o seu asentamento no porto de Cádiz, para navegar na pesca de altura con destino ás costas norteafricanas de Cabo Branco e Cabo Bojador na costa norte do Sáhara occidental, Cabo Juri, Larache, Agadir ou Mazagán, reorientando as coordenadas cada vez máis cara ao sur do continente africano con anterioridade aos procesos coloniais:

Mi pueblo era el pueblo de aquella más rico de España: Bouzas, a dos kilómetros de Vigo [...]. Escapamos para el Sur cuando después la pesca se empezó a hacer un poquito más. Ya cuando pescábamos allá cerquita, allí por nuestras costas, por Portugal que eran dieciséis o dieciocho horas... pero cuando empezamos a venir para acá, para Canarias que le decimos nosotros al mar frente al Sahara... Cuando veníamos ahí claro son tres o cuatro días de navegación, ya no era tan rentable porque siete días eran navegando y navegando el barco no hace más que gastar y fue ahí cuando empezamos. Si se pesca ahí y se vende en Cádiz, si se vende en Huelva, si se va a Algeciras. En el Sur ya no forzábamos tanto los barcos y tenías más ganancias al final que en Gran Sol. Aquí había mucha merluza y pescadilla, cachucho, corvina, calamar, pargo... El marisco claro... Estas tres ciudades fueron las que empezaron a marcar los barcos y Canarias para el caladero cuando se empezó con el pargo y el calamar. Como era en el Sahara te toca allí casi enfrente y en seis o siete horas llegabas a cualquier isla de aquellas y fue cuando empezamos ya el pueblo nuestro a faltar los barcos y tuvo una racha mala porque era un pueblo tan rico el nuestro... Yo fui uno de los que me marché por evitar aquellas aguas de Gran Sol y creo que la mayoría también, porque se ganaba el mismo dinero aquí que allí, pero la tranquilidad... Yo tengo amigos de mi tiempo y parecen ancianos a mi lao, el mantener eso cada año te quita diez, te quema. (Arquivo do Traballo de Campo: testemuño de mariñeiría galega, Cádiz)

En relación á orde estacional produtiva desta colectividade —na súa sociedade de orixe— destaca a pescaría da sardiña e os seus diferentes modos de conservación como un dos compoñentes básicos da dieta. En consecuencia, a pesca focalizou a súa actividade na captura de dita especie e a favor dun

*“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón*

13

Aspectos expostos desde a intrahistoria da vida cotiá e as condicións a bordo, en Broullón (2011: 84-105). Así mesmo, fontes testemuñais confirman o proceso de represión política que igualmente afectou á colectividade mariñeira. Véxase o traballo realizado sobre violencia política e represión no ámbito marítimo pesqueiro por Pereira (2011).

14

Ao respecto son ilustrativas as mostras de preocupación reflectidas nas fontes periodísticas da época. Sirvan de referencia os artigos recensionados en *Faro de Vigo*, 4 de xullo de 1923 e 24 de decembro de 1949.

recurso asociado ás clases populares que se axustaba idoneamente aos preceptos relixiosos cuaresmais de non comer carne. Os informantes adicaron o seus anos mozos á ‘ardora’, a pesca de baixura da sardiña, condicionados por unha limitación tecnolóxica mais axustada ás experiencias vernáculas deste pobo. Os relatos biográficos no seu conxunto aluden a aspectos relacionados cos avances tecnolóxicos, a ampliación dos portos e a cobertura de demandas crecentes como parte dunha deshumanizada mais estoica singradura encamiñada cara á pesca de altura: no Gran Sol, en primeiro termo, e despois tanto na plataforma canario-sahariana como nas augas do Atlántico Sur africano. Esta presenza alternábase entre ambos os dous mares para facer fronte ao retroceso nas capturas e a sobreexplotación, favorecidos polas artes de arrastre que xunto a outras causas facilitaron o definitivo salto migratorio cara a outros bancos. En resumo, o contexto de partida vén dado pola natureza estacional da sardiña, mais tamén pola escasa autonomía do barco como medio de traballo, ao ser este de madeira e propulsado a carbón e acondicionado para levar a cabo unhas faenas artesanais (Paz Andrade 1973; Giráldez Rivero 1991: 513-533; 1997: 33-46).

O presente texto, ademais de aproximar o imaxinario cultural da mariñeiría galega de altura, toma como punto de partida as condicións de traballo entre as augas do Atlántico Norte (Gran Sol) e o Atlántico Sur (banco canario-sahariano). A expansión cara ao sur atlántico buscaba compensar á súa vez as dificultades das faenas en alta mar mediante diversas estratexias adaptativas, ao mesmo tempo que os promotores do desprazamento norte-sur trataron de responder ao abastecemento de mercados de peixe fresco, asegurando determinadas especies —principalmente demersais— mediante a busca de caladoiros con óptimos rendementos:

Los marineros no tenían obligación de abrir el pescado y para que llegara en mejores condiciones tenías que abrirlo, sacarle las tripas y las huevas, siendo las huevas para el marinero y el contra maestre. A la gente le interesaba más que el sueldo, porque muchas veces era mayor que el sueldo y ni te molestabas en ir a cobrar a la oficina. De noviembre a febrero en el sur —era el tiempo de la hueva, de merluza negra— y claro, si no se hacía esto el pescado corría el riesgo de pudrirse. Ya antes en el Gran Sol se le sacaba la cabeza y la barbillas, porque si le quitabas la cabeza en lugar de entrar una entraban dos merluzas en la nevera, la cabeza como se conservaba mejor la podíamos guardar y entonces se les daba a los marineros para descabezarla y sacar ‘el provecho’ [...]. Se mantuvo largo tiempo, no te puedo asegurar bien, pero esto fue así hasta los sesenta en que los salarios se mantuvieron por debajo de los precios. Los salarios subían algo, cuando le daban la gana. Venías con una carga muy alta porque veías que lo habías pescado y si acaso hacías tantos... te decían siempre menos. (Arquivo do Traballo de Campo: testemuño de mariñeiría galega, Vigo)

Os testemuños relatan a alienada e extenuada laboriosidade nos mares, dunhas faenas destinadas substancialmente ao abaratamento dos custos da empresa, co fin de obter maiores ganancias e beneficios adicionais. Tal como describen, existía unha forte presión, entre outros aspectos,¹³ tanto polas continuas reparacións dunha frota obsoleta como das súas artes ante as dificultades climatolóxicas e a navegación nunhas augas sobreexplotadas.¹⁴

*“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón*

Hay quien vino en el veintitrés antes de la guerra pero durante la guerra no, no siguieron los barcos por aquí, por Agadir, San Cruz... hasta Cabo Yubi. Mi padre era el dueño, teníamos una pareja, el ‘Manuel’ y el ‘Miguel’, al arrastre [...]. Porque... ese es mi tío, pues ese fue de los primeros que vino, él y algunos de los ‘Gabrielitos’ que hoy están en Huelva [...]. Aquí hubo patrones muy buenos, jese... el hermano de...! ¡oh! Ese anduvo en ‘La ballena’ y en ‘El espadín’ en barcos que eran de ‘Constante Leirós’. Después estuvo también... de la ‘Casa Márquez’, o... que era de los ‘Rodales’ de Bouzas, y así... Y aquí nos quedamos. Yo llegué en el año veinticinco con mi padre y con mi madre porque el hermano de mi padre ya estaba aquí con barcos. (Arquivo do Traballo de Campo: testemuño de mariñeiría galega, Vigo)

Os primeiros traslados a modo de incursión e sondeo nas augas sur atlánticas aconteceron na década dos trinta. Este desprazamento marcou un punto de inflexión tralo arriscado proceso de traballo descrito no Gran Sol, e unhas faenas que se fixeron máis arduas na conxuntura da Segunda Guerra Mundial, contribuíndo finalmente ao éxodo de parte das pescaerías galegas cara aos caladoiros do Atlántico Sur con base definitiva no porto de Cádiz:

Yo me vine para acá porque vino el barco para aquí, embarqué allí. Regresábamos en el mes de julio allá y el barco paraba un mes de reparación para ir una marea o dos al Gran Sol y luego de volta para aquí. Muchos gallegos venían de allí sin plaza a buscar trabajo arriesgándose, llegaban en el correo: ‘El Romeu’, ‘El Plus Ultra’... de Canarias a Cádiz y de Cádiz a Vigo. Allá unos se escapaban del mal tiempo, otros de la Guerra Mundial. Aquello era matador, el Gran Sol aquel no podía ser, siempre había temporales. De aquel tiempo no había los barcos de hoy, de maderas y viejos, barcos con el carbón en cubierta que se atascaban las aquellas y el agua no salía, era terrible y la gente escapaba de allí por eso. Sin embargo aquí no se conoció mal tiempo, no se conoció que los barcos fueran a pique, que los comiera la mar como los come allí [...] ¡Ohú! ¿Tú sabes los mal tiempos que hay ahí? Y los barcos escapan para acá todos porque esta es una costa que es la más rica que hay no mundo, hay pescado de toda clase que en el Gran Sol no lo hay: rapantes, pescadillas, merluzas... ¡Había antes que ahora ya no queda nada! [...]. El trabajo era estable allí, si hubiese querido me hubiese quedao, a mí nunca me faltó el trabajo. Las condiciones de trabajo eran las de los armadores como no hicieras lo que decían ellos... ¿ya sabes, no? Había que acatar, era un abuso grande. Al Gran Sol se ganaba quinientas pesetas de sueldo, cincuenta pesetas más que aquí. Ibas a Pasajes y eran quinientas cincuenta, más dinero todavía por los mal tiempos y todo aquello. Las horas de trabajo eran iguales, a la mar no hay horas de trabajo, ni ahora hay horas de trabajo, allí trabajabas día y noche y aquí trabajabas día y noche. A bordo era una vida de estar preso como si estuvieras en una cárcel y ahora igual estás a bordo do barco y no tienes por donde escapar. (Arquivo do Traballo de Campo: testemuño de mariñeiría galega, Vigo)

“*Más allá del Gran Sol*”:
*O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)*
Esmeralda Broullón

15

En 1956, a zona francesa de Marrocos logrou a súa independencia, mentras que España se retirou entre 1956 e 1958 cando finalmente a zona sur —Cabo Juby o Tarfaya—, pasou á soberanía marroquí. Ifni, convertida en provincia española nese mesmo ano, foi devolta en 1969. En canto ao Sáhara Occidental, foi entregado por España a Marrocos en 1976 trala irrupción da ‘marcha verde’. Esta nova soberanía orixinou o movemento nacionalista da Fronte Polisario para a liberación do Sáhara Occidental fronte á opresión marroquí. Por outro lado, o problema territorial e cultural de Ceuta e Melilla continúa ata os nosos días na mesa da política exterior española, sendo un notable foco de tensión entre ambos países e na fronteira territorial inmediata. Véxase Bonmatí (1992); Fernández Rodríguez (1985); Martín Corrales (2007; 1995: 693-708); Martín (1973); Morales (1976); Salas (1992); Sueiro (1993); Ramiro de la Mata (2008).



Parella. Peirao pesqueiro de Cádiz, 1949. Arquivo do traballo de campo



Vida a bordo. Peirao pesqueiro de Cádiz, 1949. Arquivo do traballo de campo

Do Gran Sol ao Banco Canario Sahariano. O colonialismo español en África

A presenza española en África fíxose significativa durante o século XIX a consecuencia da perda das derradeiras colonias en América e Asia, trasladando a súa política colonial cara a este estratéxico enclave convertido na encrucillada dos intereses europeos. Mais a ocupación española non estivo exenta de conflitos nin de resistencias por parte da poboación autóctona. A comezos de século intensificouse a conflictividade coa guerra de Marrocos a mans dun exército hipertrofiado e desprestixiado pola derrota de 1921 ante as cabilas de Abd el-Krim en Annual. A ditadura de Primo de Rivera, á vez que silenciou o descontento da impopularidade que significaban en España as guerras contra os rifeños, facilitou os medios para facer fronte á ofensiva indíxena, e en 1925 o desembarco do exército español en Alhucemas acabou coa recentemente creada República do Rif, facéndose finalmente efectivo o dominio español en 1927. Unha vez que a zona foi pacificada, o colonialismo despregou en Marrocos os seus intereses económico-comerciais, políticos e culturais, articulándose o complexo burocrático-militar do africanismo español.¹⁵ Este contexto político favoreceu a presenza das pescarías galegas en augas noroccidentais africanas e por iso, entre outros intereses comerciais, tomaron como base de operación o porto de Cádiz.

En canto ao marco xeográfico e cultural de asentamento galego no que se converteu o porto gaditano para esta frota, é necesario comentar a súa especificidade como territorio fronteirizo. A cidade de Cádiz, situada entre dous mares e dous continentes, conta cunha privilexiada situación xeográfica que determinou a súa idiosincrasia portuaria e desenvolveu industrias afíns que condicionaron o seu devir na historia, na que a actividade pesqueira xogou un papel determinante na capital e a baía ao longo do pasado século (Barragán 1988; 1993; 1995). No seu perímetro configurouse

*“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón*

unha cultura marítima que arrinca na Antigüidade co legado fenicio e as distintas colonizacións pola súa localización estratéxica, cando dito porto se erixía como unha das principais rutas comerciais trala súa fundación no século X a.C (Torrejón 1994).

A partir da bibliografía consultada, as fontes orais rescatadas e os censos municipais analizados no arquivo histórico da mencionada cidade andaluza, xunto coa prensa local, atopamos uns pioneiros de orixe galega expertos na navegación de altura, asentados no porto gaditano ao abrigo das augas do Atlántico Sur e a súa expansión comercial, a apertura marítima e o Protectorado marroquí. Varias décadas despois fundouse a Asociación de Armadores de Buques de Pesca de Cádiz (1945), aínda que a súa orixe se remonta a 1923 —tralas obras de reestruturación do porto gaditano— coa creación da Cooperativa do Mar durante a ditadura de Primo de Rivera. É dicir, no primeiro cuarto do século XX xa se configurou unha burguesía marítimo-pesqueira que, ademais de contar con nativos andaluces, estaba composta na súa maioría por armadores de orixe galega, vascos e os denominados do ‘Poniente’, en referencia aos armadores do Levante e Cataluña. A estes xuntáronse comerciantes e políticos andaluces que permitiron no seu conxunto orixinar unha liñaxe oligárquica, consolidada ao longo do século XX mediante unhas estreitas redes clientelares e cuxa base de operacións aséntase en dita cidade, favorecendo firmemente os negocios do mar. Un futuro estudo destas elites completaría o presente traballo de campo. A presenza das pescarías de orixe galega na Andalucía atlántica con base no porto de Cádiz ten a súa causa primixenia no propio carácter itinerante,



*Gran Sol, 1945-1955.
Arquivo do traballo de campo*

favorecido por este contexto político colonial, orixinando, en consecuencia, o definitivo abandono do tradicional caladoiro pesqueiro do Atlántico Norte por parte desta histórica colectividade. É este un traslado xestado durante a primeira metade do século XX ante o extenuante proceso de traballo sobre un virulento ecosistema marítimo, laboriosamente faenado pola experta tripulación galega. Este feito levounos a deseñar a estratexia de combinar principios de estacionalidade e risco entre o Atlántico Norte e do Atlántico Sur. De aí derivou unha nova elección de territorialidade marítima que adquiriu forma de migración anduriña sobre as augas norteafricanas co fin de que a tripulación lograra un maior control do espazo, dos seus recursos e dos beneficios:

Cuando cumplí el servicio aún hice un viaje de segundo de pesca, mi padre andaba de primero, era patrón de pesca y me cogió un temporal de doce días a la capa sin poder tirar el aparejo a la mar, aguantando... Y mi padre me dice: ¿por qué no te vas para Cádiz? Con el nombramiento vas a ganar el mismo dinero y aquellos mares... Aquí los nortes ¿El Gran Sol? Aquello creo yo, que estos mercantes viejos

*“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón*

si se desguazan fondeados allí y los presos fuesen pa allí, sin trabajar na más que puestos, yo te digo que con un año de condena allí no delinquían más, aquello es peor que el infierno, eso es desolador. Largábamos con fuerza ocho o hasta diez y se metía el pescado allí, aquello era terrible, a veces se mezclaba el agua con nosotros. Después había de aquella unas ropas de agua, pesaba lo menos diez o veinte kilos y las botas pesaban otros quince o veinte kilos, pobre del hombre que cayese al agua. El espacio era un camarote para los siete que dormíamos juntos, de quince metros. Había tres catres o tres literas con unos colchones de sesenta en la proa del barco que cuando íbamos navegando contra el viento... Cuantas veces, acababas de trabajar y había mal tiempo, caía el agua en cubierta te filtraba y te caía en la cama, teníamos que poner la ropa de agua para que cayese fuera de la cama... El váter de noche navegando con todo el viento, muchas veces había que salir por fuera, entonces nosotros le poníamos un cabo amarrado al palo de proa y hasta el puente para agarrarnos y echarle la mano hasta ahí, pero es que te levantabas caliente y un golpe de mar que te daba en aquel momento... Hoy ya no, hoy está todo por dentro... ¡Y no teníamos cisternas! había que terminar con un cubo de agua con aquel mal tiempo... aquello era una mojadura de arriba de abajo. Ibas a cobrar, te daban un tanto por ciento y si cuadra te tocaba de aquella, de tres en tres meses dos mil pesetas, quinientas, doscientas... te daban lo que querían. Nosotros teníamos que llevar todo: el colchón, ropa, sábana, el cuchillo, el tenedor y la cuchara. Eso lo llevábamos todos nosotros y pagábamos la comida que comíamos, lo que teníamos era el pescado abundante. Aquello era que no tenías donde ir a protestar, era así... (Arquivo do Traballo de Campo: testemuño de mariñeiría galega, Vigo)

Por outro lado, algúns informantes xa contaban con redes de parentesco e de paisanaxe, asentadas na cidade de Cádiz, que lles proporcionaban nesta ruta estacional a posibilidade de permanecer no porto gaditano. Esta decisión de non volver a navegar nas augas do Gran Sol manifestouse taxativamente nalgúns testemuños. De maneira reiterada os informantes comparan as condicións de traballo no espazo marítimo Norte-Sur e aluden á súa específica posición nas relacións sociais de produción nunha permanente confrontación de clases. Ao mesmo tempo, mencionan como do seu salario descontábanse os gastos xerados no proceso de traballo: por exemplo o asignado á roupa de augas —básica para as faenas— que duraría máis tempo nun mar menos agresivo, rendibilizándose parte dos custos que a propia mariñeiría autofinanciaba.

En resumo, o itinerario trazado con carácter de estacionalidade marcou un cambio de estratexia adaptativa tras abandonar as faenas baixo a presión dos temporais e a climatoloxía nas augas do Norte, para logo retornar a elas en mellores circunstancias ambientais durante o verán e o outono. Estes barcos de madeira navegaban suxeitos a unha limitada capacidade e autonomía temporal, polo que se retiraron definitivamente do Gran Sol a favor das cálidas augas do Sur, ricas en recursos, con vistas comerciais e maior rendibilidade na ruta marítima. Foi este un desprazamento amparado polas políticas coloniais sobre os territorios africanos ao abrigo do estratégico ancoradoiro gaditano, reiniciándose unha expansión industrial das pescarías e as súas industrias afíns.

“*Más allá del Gran Sol*”:
*O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)*
Esmeralda Broullón



*Celebrando a captura. Atlántico sur, 1970.
Arquivo do traballo de campo*

16

Debo especial gratitude ao profesor Valentín Galván (2010; 2013), por terme aproximado ao imaxinario e universo ‘foucaultiano’.

17

É preciso mencionar o texto literario por excelencia acerca das pesqueiras no Gran Sol, a través da narrativa literaria de Aldecoa (1957). Outras obras que beben de diversas fontes visibilizaron a realidade social e laboral das pesqueiras de altura en dito mar, entre as que cabe destacar Piñeiro & Gómez Blanco (2004); Barros (2005); Carrol (2007); Souto (2015).

O traballo marítimo-pesqueiro desde unha perspectiva foucaultiana ¹⁶

En los barcos de altura, en los cuarteles, en las cárceles, la inquietud del hombre, las esperanzas y las desesperanzas en el devenir, vigorizan la patraña.

—Ignacio Aldecoa, *Gran Sol*

Un dos fenómenos predominantes na historia da humanidade é sen lugar a dúbidas o desprazamento poboacional. Entre as poboacións que destacan pola súa traxectoria itinerante e illamento territorial atópanse aquelas adicadas á pesca de altura. Ao comezo do presente texto mencionabamos o esquecemento académico acerca do estudo das pescarías galegas nas costas norteafricanas. O Gran Sol ten producido, polo contrario, narrativas épico-etnográficas que reflicten a intrahistoria da mariñeiría galega de altura en dito mar.¹⁷ Así que podemos afirmar, en relación co exposto e a súa articulación no contexto da sociedade de orixe (Galicia) e a sociedade de recepción (Andalucía), que a motivación última do cambio territorial da tripulación galega vén determinada pola imposición físico-social do illamento; polas prácticas e institucións en alta mar e pola penalidade e o índice de accidentes laborais en canto a dimensións que merecen ser abordadas con maior profundidade a nivel discursivo. En particular, hai un testemuño que paga a pena citar: ‘A bordo era una vida de estar preso, como si estuvieras en una cárcel y ahora igual. Estás a bordo del barco y no tienes por donde escapar... como yo le decía al patrón de pesca: ¡si hubiera una carretera ya me marchaba ahora de aquí para tierra!’. A metáfora do mariñeiro entre o barco e o cárcere como espazos de clausura é un enfoque eludido polas ciencias sociais e humanas sobre as condicións da vida cotiá e a laboriosidade da mariñeiría de altura.

Desde unha perspectiva foucaultiana, a proxección da disciplina narrada por estes homes define un xogo de regras e técnicas que hai que utilizar no medio descrito, diferenciando polo tanto o termo disciplina na orde do saber (como forma discursiva de control da produción de novos discursos) e na orde do poder (o conxunto de técnicas en virtude das cales os sistemas de poder teñen por obxectivo a singularización dos individuos). Esta última, que ten por obxecto os corpos e por obxectivo a súa normalización, é a que máis se ten estudado, se ben non debemos menosprezar o uso discursivo do concepto de disciplina na área marítimo-pesqueira e a súa incidencia nas condicións de vida e de saúde laboral. Podemos establecer certo parangón entre a convivencia dos mariñeiros en alta mar e as técnicas de poder disciplinario expostas por Michel Foucault (1976: 139-232; 2005), abrindo novas liñas de investigación inexploradas e que neste epílogo esbozamos desde a plasticidade das fontes testemuñais examinadas.

“*Más allá del Gran Sol*”:
*O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)*
Esmeralda Broullón

Para a repartición e distribución dos corpos sobre un espazo, nun barco utilízanse procedementos como a cuadriculación, isto é, a localización elemental; cada mariñeiro no seu lugar; tantos espazos coma corpos; e determinadas localizacións funcionais como a articulación do espazo individual, por exemplo, cos procesos de produción, é dicir, as faenas a bordo. Do mesmo xeito prodúcese un absoluto control da actividade a través da relación entre os horarios e a elaboración temporal do traballo (as 24 horas do día), e a correlación entre o corpo e os xestos: o corpo disciplinado favorece un xesto eficaz.

Outra dimensión de análise a destacar e que abre futuras liñas de investigación sería a división do tempo en segmentos nos que se debe chegar a un termo: a serialización das actividades dos embarcados e o exercicio como técnica que impón aos corpos tarefas repetitivas e diferentes, mais graduadas. Por outra parte, a composición das forzas e a vixilancia xerárquica é permanente como sistema preciso de mando mediante unha serie de técnicas, particularmente ligadas coa distribución do espazo (panoptismo), que inducen relación de poder: armador, capitán ou patrón, contramestre, xefe de máquinas, mariñeiro, etc. Segundo os testemuños, consolídase unha xeraquía no barco —mais tamén unha estreita colaboración— atravesada por relacións de amizade *versus* inimizade cos compañeiros de distinto rango, así como de competitividade *versus* cooperación.

Respecto á sanción normalizadora do buque pesqueiro, hai un modo específico de castigar no dominio do disciplinario. Trátase basicamente de diferenciar os mariñeiros: medir esforzos e capacidades, impoñer unha ‘medida’ na eficacia dos seus movementos, trazar a fronteira entre o normal e o anormal. A ‘norma’ funciona de acordo cun sistema binario de gratificación e sanción, mais para a norma castigar é corrixir. Na organización interna do barco, tal como describen os informantes, atopámonos cunha microfísica do poder, cuxa finalidade é producir corpos útiles e dóciles. En resumo, a disciplina logra o seu obxectivo: aumentar a forza económica do corpo a través dunhas relacións laborais a bordo de semi-escravitude, ao mesmo tempo que se reduce a súa forza política polo alto risco da actividade pesqueira, que impón unha loita pola existencia tal e como se deixa ver nos testemuños. De aí as particulares experiencias narradas —entre o amor e o odio— cara ao mar, que só a intrahistoria desta cultura tan experimentada pode encauzar cara a novas liñas de estudo sobre as condicións de vida das xentes do mar en distintos períodos históricos.



“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón

Obras citadas

- ALDECOA, Ignacio, 1957. *Gran Sol* (Barcelona: Noguer).
- ARDENER, Shirley, 1975. *Perceiving Women* (London: Dent and Sons).
- ___, ed., 1981. *Women and Space: Ground Rules and Social Maps* (London: Croom Helm in association with the Oxford University Women's Studies Committee).
- ARENDT, Hannah, 2002. *La condición humana* (Barcelona: Paidós).
- AUGÉ, Marc, 2001. *Los no lugares. Espacios del anonimato. Una antropología de la sobremodernidad* (Barcelona: Gedisa).
- BARRAGÁN MUÑOZ, Juan Manuel, 1988. 'Puertos y transporte marítimo en Andalucía', *Geografía de Andalucía*, vol. VI: 201-227 (Sevilla: Tartesos).
- ___, 1993. 'El puerto de la Bahía de Cádiz', *Cuadernos de Geografía* 14: 111-116 (Cádiz: UCA).
- ___, 1995. *Puertos, ciudades y espacio litoral en la Bahía de Cádiz* (Cádiz: Autoridad Portuaria).
- BARROS, Jacobo, 2005. *Os ausentes de Castelton* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- BONMATÍ, José F., 1992. *Espanoles en el Magreb, siglos XIX y XX* (Madrid: Mapfre).
- BOURDIEU, Pierre, 1965. *Un art moyen. Essai sur les usages sociaux de la photographie* (Paris: Minuit).
- ___, 1988. *La distinción. Criterios y bases sociales del gusto* (Madrid: Taurus).
- BRETON, Yvan, 1981. 'L'anthropologie sociale et les sociétés de pêcheurs. Réflexions sur la naissance d'un sous-champ disciplinaire', *Anthropologie et Sociétés* 5(1): 7-27.
- ___, et al., eds., 1989. *La Recherche face à la Pêche Artisanale* (Paris: ORSTOM).
- BROWN, Judith K., 1975. 'Iroquois Women: An Ethnohistoric Note', en Reiter 1975: 235-251.
- BROULLÓN, Esmeralda, 2008. 'La ontología de la imagen en la diáspora contemporánea de las pesquerías gallegas', *TST: Transportes, Servicios y telecomunicaciones* 15: 170-188.
- ___, 2010. *Gallegos en Cádiz. Redes sociales y estrategias familiares de las pesquerías gallegas en Cádiz durante el siglo XX* (Cádiz: UCA).
- ___, 2011 'La política sexual y la segregación ocupacional en las sociedades pesqueras', *Revista de Estudos Feministas* 19(1): 73-89.

“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón

BUXÓ, María Jesús & Jesús DE MIGUEL, 1999. *De la investigación audiovisual. Fotografía, cine, video, televisión* (Barcelona: Proyecto A Ediciones).

CAHILL, Mildred & Sandra MARLAND, 1993. *Women in the Newfoundland Fishery* (Ottawa, Ontario: Communications Department of Fisheries and Oceans).

CARMONA BADÍA, Xoan, 1985. ‘La industria conservera gallega, 1840-1905’, *Papeles de Economía española* 16: 177-191.

—, ‘Crecimiento de la industria de conserva de pescado 1900-1936’, en Nadal & Catalán 1994: 127-163.

CARROLL, Michael J., 2007. *La segunda armada invencible: pesqueros gallegos en el Gran Sol* (A Coruña: Netbiblo).

CASTELL, Jorge, 1972. *La actividad de España en Marruecos desde principios del siglo XIX hasta la Paz de Tetuán de 1860 (1800-1860)* (Barcelona: Ariel).

CHACÓN, Inma, 2016. *Tierra sin hombres* (Barcelona: Planeta).

COLE, Sally, 1991. *Women of the Praia. Work and Lives in a Portuguese Coastal Community* (Princeton: University Press).

COLLIER John & COLLIER, Malcolm, 1992. *Visual Anthropology. Photography as a Research Method* (Albuquerque: University of New Mexico Press).

DALTON, Margarita, 2010. *Mujeres: genero e identidad en el istmo de Tehuantepec* (Oaxaca: Paperback).

DE LA PASCUA SÁNCHEZ, María José, 1993. ‘Los gallegos en Cádiz de la Carrera de Indias, balance secular de un proceso migratorio (1682-1778)’, en Eiras & Rey 1994: 845-857.

—, 2002. ‘Gallegos y otras gentes del norte en Andalucía: la presencia en Cádiz, 1682-1778’, en Eiras Roel & González Lopo 2002: 55-77.

DOMÍNGUEZ ORTIZ, Antonio, ‘La inmigración de corto y medio radio en la Andalucía moderna: modalidades y comportamientos’, en Eiras Roel & Rey 1994: 357-379.

EDWARDS Elizabeth 1998. ‘Performing Science: Still Photography and the Torres Strait Expedition’, in Herle & Rouse 1998: 106-135.

EIRAS ROEL, Antonio & Ofelia REY CASTELAO, coords., 1994. *I Conferencia Europea de la Comisión Internacional de Demografía Histórica: Migraciones internas y medium-distance en la Península Ibérica, 1500-1900* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

FERNÁNDEZ CASANOVA, Carmen, coord., 1998. *Historia da pesca en Galicia* (Universidad de Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico).

“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón

___, 1998. ‘Cambio económico, adaptaci3ns e resistencias nos s3culos XIX (dende 1870) e XX ’, en Fern3ndez Casanova, coord., 1998: 139-206.

GARCÍA ALLUT, Antonio, ‘Antropoloxía da pesca en Galicia’ en Fern3ndez Casanova, coord., 1998: 207-280.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo, 2000. *Terra e progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea* (Vigo: Xerais).

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Manuel, 1985. *España y Marruecos en los primeros años de la Restauración* (Madrid: CSIC).

FOUCAULT, Michel, 1976. ‘Los medios del buen encauzamiento’ en Foucault 1976: 108-123.

___, 1976. *Vigilar y Castigar. El nacimiento de la prisión* (México: Siglo XXI).

___, 2003. *Le pouvoir psychiatrique. Cours au Collège de France, 1973-1974* (París: Seuil-Gallimard).

GALVÁN GARCÍA, Valentín, 2010. *De vagos y maleantes. La recepci3n de Michel Foucault en España* (Barcelona: Virus Editorial).

___coord., 2013. *El evangelio del diablo. Foucault y la historia de la locura* (Madrid: Biblioteca Nueva).

GIRÁLDEZ RIVERO, Jesús, 1991. ‘Fuentes estadísticas y producci3n pesquera en España (1880-1936): una primera aproximaci3n’, *Revista de Historia Económica* 3: 513-532.

___, 1997. ‘Las bases históricas de la actividad pesquera en España’. *Papeles de Economía Española* 71: 33-46.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena, 2009. ‘La mujer que no es sólo metáfora de la naci3n. Lecturas de las viudas de vivos de Rosalía de Castro’, *Lectora: revista de dones i textualitat* 15: 99-115.

GONZÁLEZ LAXE, Fernando, 1988. *La economía del sector pesquero* (Madrid: Espasa).

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel, coord., 1997. *Galicia, Antropoloxía* (A Coruña: Hércules Ediciones).

GOODY, Jack, ed., 1973. *The Character of Kinship* (Cambridge: Cambridge University Press).

HALBWACHS, Maurice, 1968. *La mémoire collective*. Préface de Jean Duvignaud (Paris: Presses Universitaires de France).

___, 2004. *Los marcos sociales de la memoria* (Anthropos: Barcelona).

HARPER, Douglas, 1987. ‘The visual ethnographic narratives’, *Visual Anthropology* 1: 1-9.

“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón

HERLE, Anita & Sandra ROUSE, eds., 1998. *Cambridge and the Torres Strait: Centenary Essay on the 1898 Anthropological Expedition* (Cambridge: University Press).

HOBSON HERLIHY, Laura, 2012. *The Mermaid and the Lobster Diver: Gender, Sexuality, and Money on the Miskito Coast* (Albuquerque: University of New Mexico Press).

JORDÁN, Manuel & Xaquín Fernández, coords., 1999. *Actas Congreso de Economía de Galicia* (Santiago de Compostela: USC).

KUPER, Adam, 1985. ‘Lineage theory: a critical retrospect’. *Annual Review of Anthropology* 11: 71-95.

LABARTA, Uxío, 1978. *A pesca galega e a sua investigación* (A Coruña: O Rueiro).

LOJO, María Rosa, 2011. *Árbol de familia* (Buenos Aires: Sudamericana).

MALINOWSKI, Bronisław, 1973. *Los argonautas del Pacífico occidental* (Península: Barcelona).

MARTÍN CORRALES, Eloy, ed., 2007. *Marruecos y el colonialismo español (1859-1912). De la Guerra de África a la penetración pacífica* (Barcelona: Bellaterra).

___, 1995. *El cine español y las guerras de Marruecos (1896-1994)*, *Hispania* 55(190): 693-708.

MARTÍN, Miguel, 1973. *El colonialismo español en Marruecos (1860-1956)* (París: Ruedo Ibérico).

MEAD, Margaret & Gregory BATESON, 1942. *Balinese Character: A Photographic Analysis* (New York: Academy of Sciences).

MORALES LEZCANO, Víctor, 1976. *El colonialismo hispano-francés en Marruecos (1898-1927)* (Madrid: Siglo XXI).

MORENO, Paz, coord., 2008. *Entre las gracias y el molino satánico: lecturas de antropología económica* (Madrid: UNED).

___, 2008. ‘Modelos de género e ideologías del trabajo en Galicia’, en Moreno 2008: 337-350.

MUÑOZ ABELEDO, Luisa, 1999. ‘Idade e sexo na mobilidade xeográfica e ocupacional: un caso de estudio na industria conserveira galega: Bueu (1870-1960)’, en Jordán y Fernández 1999: 691-710.

___, 2003. *Los mercados de trabajo en las industrias marítimas de Galicia. Una perspectiva histórica. 1870-1936*. Tesis doctoral (Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona).

“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón

NADAL, Jordi & Jordi CATALÁN, eds., 1994. *La cara oculta de la industrialización española. La modernización de los sectores no líderes (siglos XIX y XX)* (Madrid: Alianza).

NEWELL, Dianne, 1989. *The Development of the Pacific Salmon-Canning Industry: a Grown Man's Game* (Kingston, Ont: McGill-Queen's University Press).

NORA, Pierre, ed., 1997. *Le lieux de mémoire* (Paris: Gallimard).

ORTIZ Carmen et al., coords., 2005. *Maneras de mirar. Lecturas antropológicas de la fotografía* (Madrid: CSIC).

PÁLSSON, Gísli. 1996. 'Gender and the division of labour', *Cursos de verano* (Torrevieja, Alicante: Universidad del Mar. S.P.).

PAZ ANDRADE, Valentín, 1973. 'El proceso de expansión de las pesquerías españolas', *Información Comercial Española* 478: 83-94.

PEREIRA, Dionisio, 2011. *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)* (Vigo: Xerais).

PETERSEN, Glenn, 2009. *Traditional Micronesian Societies: Adaptation, Integration, and Political Organization* (Honolulu: University of Hawaii Press).

PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, Esperanza & Andrés GÓMEZ BLANCO, 2004. *Homes de ferro en barcos de madeira: aqueles pescadores de A Coruña* (A Coruña: Puerto de A Coruña).

POEWE, Karla O., 1981. *Matrilineal Ideology: Male-Female Dynamics in Luapula* (Zambia; London: Academic Press).

RAMIRO DE LA MATA, Javier, 2008. 'España y el Protectorado en Marruecos: aproximación a un proceso colonial', *Anales de Historia Contemporánea* 24: 291-305.

REITER, Rayna R., ed., 1975. *Toward an Anthropology of Women* (New York: Monthly Review Press).

RICOEUR, Paul, 2003. *La memoria, la historia, el olvido* (Madrid: Trotta).

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Benigno, 1923. *Diccionario de artes de pesca de España y sus posesiones* (Madrid: Sucesores de Ribadeneyra).

EIRAS ROEL, Antonio & Domingo L. GONZÁLEZ LOPO, coords., 2002. *Actas del Coloquio Europeo movilidad interna y migraciones intraeuropeas en la Península Ibérica* (Universidad de Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico).

ROSALDO, Michelle & Louise LAMPHERE, eds., 1974. *Women, Culture and Society* (Stanford: Stanford University Press).

“Más allá del Gran Sol”:
O itinerario transoceánico
das pesqueiras galegas desde
a perspectiva dos Estudos
Culturais (1945–1955)
Esmeralda Broullón

ROSEMAN, Sharon R., 1999. ‘¿Quién manda? (Who’s in Charge?): Household Authority Politics in Rural Galicia’, *Anthropologica* XLI 41(9): 117-132.

RUBIO-ARDANAZ, José Antonio, 1997. *La vida arrantzale en Santurtzi. Cambios económicos y socioculturales entre los pescadores de bajura (ss. XIX y XX)* (Ayuntamiento de Santurtzi: Bilbao).

SALAS, Ramón, 1992. *El Protectorado de España en Marruecos* (Madrid: Mapfre).

—, 1996. *Antonio López y López (1817-1883). Primer Marqués de Comillas. Un empresario y sus empresas* (Madrid: Fundación Empresa Pública).

SMITH, Raymond Th., 1973. ‘The matrifocal family’, en Goody 1973: 121-44.

SOUTO, Xurxo, 2015. *Contos do mar de Irlanda* (Vigo: Xerais).

SUEIRO SEOANE, Susana, 1993. *España en el Mediterráneo. Primo de Rivera y la cuestión marroquí, 1923-1930* (Madrid: UNED).

TORREJÓN CHAVES, Juan, 1994. ‘El área portuaria de la Bahía de Cádiz: tres mil años de historia’, en VV.AA., 1994: 117-145.

VV.AA., 1994. *Puertos españoles en la historia* (Madrid: Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente).

WORTH, Sol & John ADAIR, 1972. *Through Navajo Eyes* (Bloomington: Indiana University Press).